


# HISTORIA.



*O Nadal é unha das celebracións máis importantes do mundo. É tempo de agasallos, festexos e reunións. Existen varias orixes para esta celebración.*

*Os romanos celebraban a Saturnalia romana, que non era máis que un festival que representaba o solsticio de inverno e honraban ao deus Saturno. Os agasallos dábanse a nenos e pobres. Dita festa iniciouse dous séculos despois do nacemento do fillo de Deus.*

*Máis tarde, cando a relixión cristiá se impuxo en todo o Imperio Romano, o rei Justiniano declarou o Nadal como unha festa cívica, aínda que na Idade Media, converteuse novamente, en días para beber e estar de esmorga da mañá á noite.*

*Os druídas celtas, pola contra, sacrificaban aos nenos para o deus que adoraban nesta data: Nimrod ou o Santa pasado.*

San Nicolás, provén dun personaxe chamado “o alegre Nick” ou “o vello Nick”. Pero se nos centramos no seu nome, Nick proviende de Nikos que significa “construtor e destrutor”, mentres que “Laos” significa pobo. Os nicolaítas (seguidores de San Nicolás) defínense entón como “o pobo que segue ao destrutor”, que non deixa de ser, de novo, Nimrod

Mentres, Galiza tiña a figura dun vello barbudo, vestido de farrapos e de falar alegre e cantareiro: o Apalpador. O Apalpador é un xigante carboeiro, que descende das devesas do Courel (Lugo) para visitar aos nenos durante a noite do 24 ou 31 de decembro, dependendo da zona. Segundo conta a lenda, este personaxe apalpa o ventre dos nenos e nenas para ver se comeron abondo durante o ano, deixándolles unha presa de castañas aos que comeron ben. En ocasións, tamén lle deixaba algún agasallo e desexáballe que tiveran un ano novo cheo de felicidade e fartura, murmurándolles “así festexas todo o ano”. En 1997, aparece a primeira cantiga de López Gonçales a Amadora de Celeiro.

Hoxe é día do Nadal,  
día do Noso Señor  
ide logo para a camiña  
que vai vir o Apalpador.

.....  
Hoxe é día do Nadal,  
vai nenño para a camiña  
que vai vir o Apalpador  
a apalparche a barriguiña.

Hoxe é día do Nadal,  
que haberá gran nevarada,  
e há vir o Apalpador  
cunha mega de castañas.

.....  
Por aquela cemba,  
xa ven relumbrando,  
o señor Apalpador  
para darvos o aguinaldo.